

Expte:56/2021

Procedemento:Selección e contratación de persoal.

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Ante a existencia de outorgamento pola Consellería do Economía, Emprego e Industria a Entidade local Montederramo dunha subvención para contratación de 3 desempregados para a limpeza de montes na prevención contra incendios forestais durante o ano 2021 (Aprol rural TR351G), convocouse proceso para a selección de persoal para cubrir 3 prazas de peón forestal mediante contrato temporal de interese social, durante 9 meses e xornada completa.

Vista a Acta do tribunal do día 13 de xullo de 2021 na que en función da baremación se propón a lista de candidatos.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Autorizar a contratación e comprometer o gasto a favor dos seguintes candidatos:

1-Diego Carballo González

2-Luis González Súa

3-José Manuel Pérez Díaz

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución ao candidatos seleccionados, así como ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en relación coa oferta presentada 12-2021-5283 .

**TERCEIRO.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato temporal de interese social, grupo 10, xornada completa e duración de 9 meses a partir do 14/07/2021.

**CUARTO:** Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos do concello, sede electrónica e páxina web, para coñecemento dos aspirantes e presentación da documentación.

**QUINTO.-** Proceder a notificar as correspondentes altas ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e comunicar ao Inem os contratos celebrados.

**SEXTO.-** Dar traslado ao Negociado de Nóminas e Persoal, Negociado de Contabilidade e ao Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

**SÉTIMO-**Dar conta no prazo dun mes á Xefatura T.de Emprego e Igualdade de Ourese, a fin de xustificar o inicio do servizo.

Así osino, ante a secretaria, que dá fé, no lugar e data da sinatura dixital.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 3YFFDE79935DSCYMT4LYWDXRQ | Corrección: <https://montederramo.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2